

Acta número 13/2008, da Comisión de Persoal.

Asistentes:

POLA ADMINISTRACIÓN.

Presidenta

María del Mar Rodríguez Fernández

Secretario

Víctor Gallego Vincent

Presidencia da Xunta de Galicia

Eva Sanín Mariño

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Manuela Guillán de Dios

C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Rodríguez Fraga

C. Economía e Facenda.

Luis E. Araújo Rodríguez

C. Educación e Ordenación Universitaria

J. Carlos Carid Fernández

C. Innovación e Industria

Marina García Valeiras

C. Medio Rural

José Carlos Fagín Taboada

C. Sanidade

Alberte Souto Souto

C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Eleutino Álvarez Álvarez

C. Traballo

José M. Ferreiro Fernández

M^a Lourdes Batán Aira

José Vázquez Portomeñe

Polas Organizacións Sindicais

CIG

Manuel Gallardo Canitrot

Xosé Lois Veloso Abellás

CC.OO.

José Emilio Doforno Guzmán

Pedro Méndez Gil

UGT

José Francisco Núñez Rodríguez

Fernán Couso Araújo

CSI-CSIF

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 13 horas do día 18 de xullo do ano dous mil oito, reúnen-se en sesión ordinaria, no salón de actos pequeno da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:.

Punto primeiro. Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta núm. 12/2008, correspondente á sesión anterior.

O representante da CIG solicita que consten en acta as contestacións da administración do apartado de rogos e preguntas.

Punto segundo. Proposta de Orde do -- de xullo de 2008 pola que se modifica a Orde do 11 de setembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).

A directora xeral da Función Pública expón:

Que se trata de modificar a convocatoria para posibilitar en execución de sentenza mediante a valoración dos cursos, non solicita o voto dos membros da comisión dado que a modificación se trae a informe.

Punto terceiro. Orde do -- de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

A subdirectora de provisión de postos de traballo e selección de persoal da DX da Función Pública fai un resumo da documentación aportada así como modificacións puntuais da mesma.

O representante da CIG:

Que se absteñen no presente punto por reivindicacións comúns desatendidas tales como a confección do temario pola EGAP, o exame en idioma galego en todas as probas.

O representante de CCOO:

Que se absteñen por non eliminarse a lectura pública dos exames.

O representante de UGT:

Que vota a favor porque se cumpre co acordado no plan de consolidación aínda que está en desacordo con determinados matices da convocatoria.

O representante de CSI-CSIF:

Que votan en contra por non recoller o esperado polos opositores.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de UGT e coa abstención de CIG e CCOO e co voto en contra de CSI-CSIF.

Punto cuarto. Orde do -- de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1.

O representante da CIG:

O voto igual que na quenda de consolidación: Abstención, pedindo concurso-oposición.

O representante de CCOO:

Se absteñen polas mesmas razóns que as manifestadas pola CIG.

O representante de UGT:

Se absteñen polo tema do concurso oposición.

O representante de CSI-CSIF:

Se absteñen por non conter a convocatoria o esperado.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día coa abstención das OOSS.

Punto quinto. Orde do -- de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

O representante da CIG:

Manifesta a súa abstención.

O representante de CCOO:

Manifesta a súa abstención

O representante de UGT:

Manifesta a súa abstención

O representante de CSI-CSIF:

Que votan en contra por non cumprirse as expectativas.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día coa abstención de CIG, CCOO e UGT e co voto en contra de CSI-CSIF.

Punto sexto. Orde do -- de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2.

O representante da CIG:

Que votan a favor.

O representante de CCOO:

Que se absteñen.

O representante de UGT:

Que votan a favor

O representante de CSI-CSIF:

Que votan en contra por non cumprirse as expectativas.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de CIG e UGT coa abstención de CCOO e o voto en contra de CSI-CSIF.

Punto séptimo. Orde de -- de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

O representante da CIG:

Que se absteñen pola falta do concurso oposición.

O representante de CCOO:

Que se absteñen.

O representante de UGT:

Que votan a favor.

O representante de CSI-CSIF.

Que votan en contra por non cumprirse as expectativas.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de UGT, a abstención de CIG e CCOO e o voto en contra de CSI-CSIF.

Punto oitavo. Orde do -- de -- de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia, subgrupo C1.

O representante da CIG:

Que vota a favor

O representante de CCOO:

Que vota a favor.

O representante de UGT:

Que vota a favor por estar respectando o plan de consolidación asinado pola administración e CIG CCOO e UGT.

O representante de CSI-CSIF:

Que se absteñen.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de CIG, CCOO e UGT e a abstención de CSI-CSIF.

Punto noveno. Proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Consellería do Medio Rural.

O representante da CIG:

Que se absteñen, entende que se debería ter retirado o referente ao colectivo de veterinarios, pide un “tirón de orellas” a Función Pública e a Medio Rural pola abundancia dos postos de libre designación e manifestando que os requisitos indispensables dos postos de traballo son demasiado abundantes.

O representante de CCOO:

Que hai falta de negociación non tendo en conta a consellería o escrito de trinta folios con observacións desta OOSS á presente RPT.

Vota en contra.

O representante de UGT:

Vota a favor dado que a esta OOSS lle foron tidas en contas diferentes alegacións, manifestando que o tema dos veterinarios ten a súa propia mesa.

O representante de CSI-CSIF:

Que votan en contra.

A directora xeral da Función Pública expón que se aproba o presente punto da orde do día co voto a favor de UGT, a abstención de CIG e o voto en contra de CCOO e CSI-CSIF.

Punto décimo. Rogos e preguntas.

O representante de CIG protesta pola, ao seu entender, pouca presenza de Secretarios Xerais, manifestando que como isto non cambie a súa organización sindical, chegado o momento, levantaránse desta mesa.

Pregunta ao Secretario Xeral da Consellería de Traballo porqué se negou asuntos propios a unha laboral da Xunta coa excusa de que non había días laborais entre as vacacións da empregada e os días de asuntos propios solicitados.

O secretario xeral manifesta que ese tema se falará o día de hoxe coa subdirectora de persoal da consellería para arranxar o dito asunto.

A directora xeral da Función Pública manifesta que non figura a motivación na denegación dos asuntos propios que están supeditados ás necesidades do servizo, puidendo en principio no ámbito laboral acumularse uns e outros.

O representante de CCOO solicita que en todo caso veñan os Secretarios Xerais cando afecta a un tema que lles cumpra negociar. Pide que non se dificulte aos traballadores o disfrute do horario de verán. Pregunta sobre contratacións de veterinarios a través de TRAGSA para traballar nos matadoiros

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas corenta e cinco minutos do día sinalado supra.

VISTO E PRACE
A PRESIDENTA

DOU FE
O SECRETARIO

Asdo.: M^a del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Vincent.